



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



COMUNICADO 070/20
4 DE MAIO DE 2020

ESCUDERÍA

ATT. DON

Enderezo

C.P. Cidade

En Ourense a ____ de _____ de 2020.-

Estimado Presidente,

Ante os últimos acontecementos que nos obrigan a actualizalos calendarios, **xa que teremos a disposición de utilidade os meses de Xullo, Agosto, Setembro, Outubro, Novembro, e decembro do 2020;** e tendo que actualizalas datas de celebración das probas no programa "TRAZA" (Fechas de comunicación para calendario de eventos deportivos de la Dirección General de Tráfico de 2020). Por elo solicítoche me confirmes a intención da celebración do _____ na tempada 2020 (2º semestre) ou que desistides de facelo, e así a Federación Galega de Automobilismo pode reorganizar e salvarlos diferentes Campionatos de Galicia de Automobilismo 2020.

A presente enviase o teu correo electrónico (_____), así como por correo certificado, e publicarase na web (<http://www.fga.es/>) para coñecemento e posterior toma de decisións necesarias polos órganos de goberno da F.G de A. para o reordenamento dos calendarios.

O prazo para contestar ó solicitado é ata o día 20 de maio do 2020, as 20 horas, de non exercelo (afirmativo ou negativo) entenderase que a escudería desiste de celebrar e calendar a proba no 2020.

Noutro eido requírese que nos envies o convenio (Xunta), debidamente asinado e selado en tódalas follas, se faga ou non a proba, para cumprimentalo ser obrigatoria a súa presentación pola Federación Galega de Automobilismo que adquiriu dita obriga no voso nome. De non recibilo convenio asinado e selado á Escudería podería perdela subvención 2021, o que ocasionaría un importante prexuízo para as Escuderías cumpridoras co convenio 2020 ao ser unha subvención destinada un proxecto deportivo colectivo e non individual.

Así mesmo infórmase que as probas que non se fagan no 2020 por desistimento do organizador perderán os dereitos de datas de calendamento na vindeira Asemblea 2020/2021.

Esperando as súas prontas noticias, debido as urxentes necesidades, de reorganizalos calendarios 2020, no final do mes de maio, atentamente,

Iván Corral
Presidente da F.G. de A.

P.D.: Adxúntase programa "TRAZA", de datas a solicitar na DGT 2020, e remitirase en breve, para reubicalas probas nos novos calendarios. A "Subdirección Xeral de Xestión e Mobilidade e Tecnoloxía" estima oportuno deixar aberto o prazo de calendario de Eventos Deportivos para solicitar a modificación da data dos que figuren no mesmo durante todo o tempo que dure a declaración do estado de alarma.

NOTA: A Escudería terá que contestar ao correo electrónico, no prazo previsto (Ata o 20 de Maio antes das 20 horas), (fga@fga.es), **estimando ou desestimando a intención de facela proba calendarada para a tempada 2020. A non contestación entenderase como refusamento dos dereitos adquiridos no 2020.**

ASESORÍA XURÍDICA DA
FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO